



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO REBOIRO
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE BARALLA, CASTROVERDE E O CORGO (LUGO)
Expediente	IN408A 2018/041
Informe	EOL_IN408A 2018 041_1

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Lugo, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Lugo, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. con data 15/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/312344, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

Con data 14/11/2022 e número de rexistro 2022/2259586, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética presenta unha reiteración de solicitude de informe.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002



- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de





exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudo é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

AVALIACIÓN

1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque Eólico Reboiro localízase dentro dos termos municipais de Baralla, Castroverde e O Corgo, pertencentes a provincia de Lugo.

Indica que o proxecto se enmarca nunha zona rural, con carácter agrario, gandeiro e forestal, predominando pequenos núcleos de poboación e localizándose núcleos con maior número de habitantes a máis de 3,5 km. As principais vías de comunicación son a autovía do Noroeste ou A-6, a carretera nacional N-VI, ao sur do proxecto, e as provinciais LU-P-1201, LU-P-1211 e LU-P-0502.





Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao estudo e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a unha distancia mínima de 482 m do aeroxerador RE09, se trata dunha vivenda illada pertencente ao núcleo de Casa da Airexe.

Na contorna do proxecto e a menos de 1580 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais nos núcleos potencialmente afectados, que son: Agustín, Coto, Porcín, Molar, Páramo, A Eirexe, A Lagoa, A Lagoa de Arriba, Mazaílle, Guimarei, Casa das Campas, O Reguengo, Vilachambre, Teixeira, A Caivela, Vilartelín, A Mocha, Ansareo, Airexe, Espiña, Pacios, Sobrado de Picato, Lamas de Pacios, Santo Estevo, Coedo, O Piñeiro, Reboredo, Seoane e Vilacorbe.

Refire os aloxamentos turísticos existentes no entorno de 5 km do parque eólico, atopándose todos a distancias mínimas entre 3 e 3,8 km dos aeroxeradores.

Indica que debido á dispersión dos núcleos e á ruralidade do ámbito de estudo, non se atopan na contorna máis inmediata aos aeroxeradores, as instalacións que se consideran máis vulnerables, como son centros escolares, centros de día, centros de saúde, etc.

1.2. Acceso ás instalacións

Non se indican as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e o cumprimento do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería indicar as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e o cumprimento do Real Decreto 223/2008.

2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.



a) Contaminantes atmosféricos

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF₆).
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camiós e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

b) Augas

c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

d) Axentes biolóxicos

- Lexionella
- Pragas e vectores

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

3.1 Aire

Considerase no documento que o impacto na alteración da calidade do aire será negativo inda que non vai a ser significativo.

3.1.1 Emisións de po e partículas

Identifícanse emisións de po e partículas na fase de obras e desmantelamento, como consecuencia da obra civil e da circulación de vehículos, estimando que os efectos sobre a saúde humana non serán significativos, pola ausencia de entidades de poboación no





seu entorno próximo. Refiren medidas correctoras e protectoras ao respecto, como son regos na zona de traballo, cobertura de camiós e dispor de zona de lavado de rodas. Non contempla medidas de vixilancia e seguimento ambiental relacionadas.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería incluírse na fase de obra un plan de vixilancia con respecto a emisión de po e partículas.

Indica que non hai previsión de utilización de explosivos durante a execución das obras.

No caso de realizar voaduras na fase de obra, debería contemplar medidas protectoras e correctoras no caso de afectación do aire en relación a po e partículas e no caso de afección dos niveis sonoros.

3.1.2 Emisións de gases

Identifícanse emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de obra e desmantelamento debido ao tráfico inducido na zona e de maquinaria asociada ás obras, de impacto non significativo. Refire medidas protectoras como a redución da velocidade da maquinaria e menciona un seguimento de vixilancia ambiental mediante a verificación do certificado de inspección técnica de todos os vehículos e maquinaria utilizados na obra.

Fai referencia ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF₆), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos das turbinas e da subestación do parque. Refire a realización dun control do gas SF₆ de maneira periódica, mediante a verificación da presión ou da densidade, con anotacións de lecturas fora de valor e acción correctiva programada, no caso de detectarse fugas. Indica que na actuacións de mantemento que requiran baleirado de gas, realizárase unha recuperación do mesmo, mediante un equipo de recuperación.

3.1.3 Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obras (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).





Dispón dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obra, en relación os limiares de protección establecidos na lexislación. Realiza un cálculo do nivel de presión sonora que chegaría ás poboacións próximas, procedente das obras, obtendo valores máximos de 32,71 dB(A) no núcleo de Mazaille. Conclúe que as molestias serán puntuais e temporais, debido a que as obras serán de pequena entidade, a velocidade do tráfico será baixa e a que os traballos levaranse a cabo en horario diúrno.

Presenta un *estudo preoperacional* mediante medicións reais en 6 puntos correspondentes a núcleos de poboación próximos. Conclúe que os niveis de presión sonora obtidos se atopan por debaixo dos obxectivos de calidade acústica establecidos no Real Decreto 1367/2007, 65 dB(A) para os períodos de Día e Tarde e 55 dB(A) para o período de Noite.

Faise unha *estimación teórica* na xeración de ruído no escenario máis desfavorable posible, aportando planos de simulación no que se establecen 10 intervalos de isófonas, entre 35 e 80 dB(A), para os períodos de día, tarde e noite. Para a realización do modelo predictivo empregouse o software de predición acústica CadnaA. Para realizar a simulación toma como referencia 6 puntos coincidentes cos tomados para o estudo preoperacional. Os resultados preveen o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica permitidos, non superando os valores de 55 dB(A) en horario diúrno e de 45 dB(A) en horario nocturno.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aeroxeradores e o ruído de fondo, realiza unha comparativa tendo en conta os valores medidos para o estudo preoperacional nas poboacións máis próximas ao parque eólico. Indica que os niveis de ruído previstos nos núcleos máis próximos, como consecuencia do funcionamento do PE Reboiro, son en xeral lixeiramente máis altos cos niveis de ruído de fondo medidos na actualidade, a excepción dos puntos 5 e 6 onde os niveis previstos son máis baixos que os niveis existentes na actualidade. Conclúe que se prevé o cumprimento dos OCA en todos os núcleos habitados, indicando que toma como referencia os índices expostos na Táboa A do Anexo II do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro (65-65-55 dB(A)).



Ao respecto dos *estudos acústicos* presentados, o ámbito onde se sitúa o parque eólico abarca os concellos de Baralla, Castroverde e O Corgo, os cales posúen Normas subsidiarias de planeamento segundo o RD 1367/2007

Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental deberán cumprirse os valores límite indicados na táboa B1 do Anexo III, aplicables a actividades para zona tipo a de uso residencial como 55 dBA para os períodos Día e Tarde e 45 dBA para o período Noite.

Refire unha serie de medidas correctoras e protectoras, na fase de obra, como o mantemento en óptimas condicións dos sistemas de escape dos vehículos ou a existencia de homologación da maquinaria, segundo a normativa de aplicación relativa ás emisións sonoras. Refire a realización no Plan de Vixilancia Ambiental dun seguimento do control sonoro cando a obra teña máis maquinaria en funcionamento, e durante a fase de explotación, realizarán un control inicial do nivel de ruído, que verifique o cumprimento dos valores de inmisión admisibles.

Identifica os parques eólicos e as infraestruturas de evacuación en funcionamento, con autorización administrativa ou con DIA, situados na contorna de 5 km das infraestruturas do proxecto, destacando o parque eólico máis próximo o de Serra de Lagoa a 944 m do aeroxerador RE01. Presenta un anexo do estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos aportando planos de simulación, pero non presenta os datos a partir dos cales realiza ditos mapas. Conclúe que o impacto será compatible, en fase de obra e de explotación, debido á distancia de separación entre as infraestruturas e os núcleos de poboación. Non obstante, propón un seguimento dos niveis sonoros, con obxecto de detectar potenciais efectos acumulativos.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque eólico Reboiro atópase composto de:





- 11 aeroxeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, con potencia total instalada de 49,5 MW, 121 m de altura de buxe e diámetro de rotor de 158 m.
- 1 torre de medición eólica.
- 1 subestación e 1 edificio de control.
- 1 rede de liñas subterráneas de 30 kV a cal enlaza os diferentes aeroxeradores á subestación transformadora. Dende a subestación transformadora se evacuará a enerxía mediante unha LAT 132 kV, ata a subestación Aranza 132/220 kV. Dende esta SET seccionarase unha LAT 220 kV que interconectará o PE Chao do Marco ca SET Belesar 220 kV. Indica que tanto a LAT 132 kV, como a SET Aranza 132/220 kV e a LAT 220 kV mencionadas, forman parte do alcance de outros proxectos.

No referente aos campos electromagnéticos, toma como referencia os limiares indicados do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 μ T respectivamente, en zoas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Así mesmo, indícase no estudo, o cumprimento do establecido no Real Decreto 337/2014, ao respecto da "Limitación de campos magnéticos na proximidade de instalacións de alta tensión" para a non superación no exterior da instalación do valor establecido no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro.

Efectúase un estudo de campos electromagnéticos. Preséntanse resultados a partir dunha simulación informática, resultando ao respecto dos aeroxeradores un valor máximo de *campo magnético*, a 1 m do condutor que une o xerador co transformador, de 13,86 μ T. En canto a liña MT soterrada de 30 kV o valor máximo de campo magnético é de 1 μ T e na SET, a partir da simulación, obtense un valor máximo nos cables de MT de 99,01 μ T, valores que diminúen ata valores de 1,30 μ T a 1 m de distancia.



En todos os casos os valores obtidos son inferiores ao limiar admitido para o campo magnético, de acordo ás recomendacións europeas, de 100 μT a 50Hz, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo, polo que non considera necesario establecer ningunha medida adicional.

En canto ao cálculo do *campo eléctrico* para os cables de media tensión descarta a xeración de campos eléctricos debido ao illamento da condución eléctrica de media tensión, deseñada para illar correntes de tensión pico de ata 36 kV.

Refire o cumprimento tanto da turbina como do equipo relacionado con respecto ao establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1580 m, dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.

No Anexo XIV presentase unha análise da afección por parpadeo por sombra (Shadow flicker), e analízase o tempo estimado deste efecto sobre uns receptores seleccionados na área de afección e en dous casos: "caso peor" (aplicando unha serie de suposicións e simplificacións) e "caso real" (condicións para un caso probabilístico baseado en estatísticas meteorolóxicas nas que estímase as posibles afeccións deste efecto con maior precisión). Realiza o estudo mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO.

Presentase unha análise do efecto sobre as zonas de poboación afectadas a unha distancia establecida de 2,5 km dende cada posición de aeroxerador (a cal é superior á dun radio de 1580 m, que é a distancia correspondente a 10 veces o diámetro do rotor).

- No "caso peor" efectúase a modelización identificando os aeroxeradores que producen afección e os respectivos receptores situados nas zonas de poboación afectadas e aplicando unha serie de suposicións como por exemplo que non existe nebulosidade ou



que o rotor xira todas as horas do ano. Do estudo realizado, os resultados da análise mostran que dos 34 receptores analizados para o PE Reboiro, 15 superan as 30 h/anuais no caso mais desfavorable.

- No "caso real" efectúase a modelización identificando os aeroxeradores que producen afección e os respectivos receptores ubicados en áreas de influencia establecidas de poboación. Para este caso, efectúase unha estimación considerando unha serie de condicións de entrada ao modelo como por exemplo un funcionamento continuo segundo a distribución sectorial de frecuencias de vento no emprazamento ou datos de radiación solar da estación meteorolóxica máis próxima ao emprazamento. Os resultados da análise mostran que dos 34 receptores analizados, 13 superan o limiar de 8 h/ano, entre os que hai 3 receptores que superan o dobre do limiar permitido (Coedo, Airexe e O Caseto).

Conclúe que pese aos resultados obtidos non se espera que se produzan molestias reais á poboación, por considerar para a simulación, que todos os receptores dispoñen as ventás perpendiculares a todos os aeroxeradores. Indica que en fase de explotación estudarán a existencia de impactos é en caso de superar o limiar establecido procederáse a implantar as medidas correctoras oportunas, como a instalación de barreiras. Non contempla o desenvolvemento dun plan de seguimento específico durante o primeiro ano, para verificar o cumprimento dos limiares de referencia establecidos.

Non se presenta unha avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos doutros parques eólicos en trámite ou en funcionamento na contorna.

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Indica que a auga que puidera ser necesaria para a realización da obra, será levada mediante camións cisterna ou en depósitos, e obtida de canalizacións ou de puntos de subministro autorizados. En canto ao edificio da SET, menciona que disporá de acometida de auga, para o cal enterrarase no exterior un depósito de almacenamento



de auga, a cal será impulsada mediante un grupo de presión equipado cun sistema de cloración.

Indica que as características da auga cumprirán os criterios establecidos no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios de calidade da auga de consumo humano.

Refire a localización de captacións de auga para abastecemento, en masas de auga superficiais e subterráneas, indicando que as infraestruturas do parque eólico non afectarían a ningunha.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existe na contorna do proxecto, captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC), estando a máis próxima a unha distancia de 3266 m do aeroxerador máis próximo. Sin embargo, detéctanse captacións subterráneas a unha distancia de 420 m do aeroxerador RE02 e a 294 m do RE11.

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, indica o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Refire o emprego de medidas protectoras e correctoras como a habilitación dunha zona para lavado de cubas de formigón, protexida cunha balsa impermeabilizada e posterior recollida por xestor autorizado, e unha xestión adecuada dos residuos xerados. Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental mediante o control da calidade das augas dos leitos, durante a fase de obra.

Menciona que para calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico se solicitará autorización do organismo de bacía competente.

Co respecto ás alteracións na rede hidrolóxica debido á execución das obras, indica que a poligonal do parque eólico engloba varios leitos, non obstante menciona que a práctica totalidade das obras e instalacións proxectadas están fora de zona de policía. Contempla a proxección dunha serie de obras de drenaxe co obxectivo de manter o





réxime de ecorrentía natural do terreo. Refire o desenvolvemento dun programa de vixilancia específico mediante o control da calidade das augas na fase de obras e o seguimento do plan de xestión de residuos elaborado para todas as fases do proxecto.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias: Menciona que a xestión das augas residuais fecais, durante a fase de obra, efectuarase mediante sanitarios químicos, e a súa retirada correrá a cargo dun xestor autorizado. En canto a fase de explotación, indica que as augas residuais conduciranse a unha fosa séptica, a cal menciona que presentará un separador de graxas e o seu baleirado realizarase de forma periódica mediante camión cisterna e recollida por xestor autorizado.

b) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra. Indica que as instalacións auxiliares de obra cuxo funcionamento poida supoñer un risco de vertido a leitos ou zonas húmidas, situaranse fora da zona de policía de leitos, indica que en caso de producirse caída accidental de residuos disporase de materiais absorbentes para efectuar a súa recollida dunha forma rápida e posterior recollida por un xestor autorizado.

d) Vertidos procedentes de transformadores a intemperie. Indica que os transformadores estarán dotados de sistemas de recollida de aceite para evitar o risco de vertido.

3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante nas distintas fases do proxecto, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de construción, explotación e desmantelamento do parque de acordo ao código LER, estimando a cantidade de cada tipo de residuo.



Indica que na fase de construción disporá dunha zona de almacenamento de residuos, a cal disporá de contedores adecuados á tipoloxía de residuo. En canto á fase de explotación, habilitarase un punto limpo que se situará xunto á subestación.

Sinala que os lugares de almacenamento estarán correctamente sinalizados e os recipientes estarán identificados.

Refire medidas preventivas como realizar unha correcta xestión de residuos, realizar cambios de aceite nas zonas habilitadas, se fose necesario, ou formar ao persoal respecto á segregación dos residuos. Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental, mediante a revisión da xestión correcta dos residuos.

3.3.2 Uso de produtos perigosos

Indica que os materiais contaminados por sustancias perigosas serán recollidos e tratados por un xestor autorizado. En canto aos aceites usados serán almacenados en depósitos herméticos, sobre soleira impermeable e protexidos cunha cuberta, serán entregados a xestores autorizados.

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases de sustancias perigosas, filtros e baterías entre outros, procedendo a maioría da fase de explotación, derivados do mantemento e reparación.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non contempla o emprego de biocidas nin fitosanitarios (herbicidas). Refire que non caso da súa utilización seguirase a normativa vixente referente á comercialización e uso dos mesmos.

Non refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería indicarse a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais empregados.

Cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.





3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 Lexionella.

Non refire a instalación de lavabos e duchas, non obstante menciona a disposición dun termo eléctrico para a auga quente sanitaria, no edificio da subestación. Refire o cumprimento dos requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose.

3.4.2 Pragas e vectores

Non se indica se dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, tan só menciona que levarase a cabo unha correcta xestión dos residuos xerados trala tala e a poda da vexetación porque poden ser orixe de pragas de insectos.

No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñer dun sistema integral de control específico.

CONCLUSIÓN

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Reboiro, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:

- Con respecto ao ruído e vibracións (para máis información ver apartado 3.1.3) , non se aportan os datos que se empregan para facer o estudo do efecto acumulativo/sinérxico.





- Con respecto o efecto parpadeo (para máis información ver apartado 3.1.5) non se avalía o posible efecto sinérxico sobre os receptores da contorna do parque, en relación con outros parques instalados ou en execución. Non contempla un plan de seguimento específico durante o primeiro ano. Contempla como única medida correctora a implantación de barreiras, no caso de superar o limiar de 8 h/ano para o "caso real", non contempla outras medidas como pode ser a parada técnica dos aeroxeradores implicados.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

